

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032081	de Fene	Fene	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CBTMV01	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3043	Mecanizado e soldadura	2021/2022	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL PIÑEIRO ARIAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vehículos consiste en realizar operacións básicas de mantemento electromecánico e carrozaría de vehículos, desmontando e montando elementos mecánicos, eléctricos e amovibles do vehículo, e executando operacións básicas de preparación de superficies, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

O módulo de mecanizado e soldadura forma parte do título profesional básico en mantemento de vehículos. Impártese no IES de Fene, situado en Barallobre. Fene é un concello rural e industrial. A súa principal actividade económica durante a segunda metade do século XX, foi a construción naval. Diversas crisis no sector desembocaron en sucesivas reconversións, como consecuencia, unha elevada taxa de paro e unha dubitativa recuperación económica, foron arrastradas durante anos sen recuperar a puxanza de épocas pasadas. Hoxe o municipio esforzase por diversificar pouco a pouco a súa economía, incrementando a súa superficie industrial e atraendo novas actividades económicas que permitan superar a excesiva dependencia que a economía local ten aínda do sector naval.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introducción o taller de mecanizado e soldadura	Coñecer ferramentas e equipos utilizados no taller e aprender a manexalos	20	10
2	Metroloxía e trazado	Coñecer as unidades de medida, útiles de medida e útiles de trazado.	40	25
3	Debuxo técnico	Aprender a realizar representación gráfica de pezas.	10	5
4	Técnicas de mecanizado	Coñecer as técnicas máis empregadas no mecanizado básico de pezas.	70	30
5	Soldadura de metais e plásticos	Coñecer os distintos tipos de soldadura, equipos e materiais de aportación.	70	30

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introducción o taller de mecanizado e soldadura	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e axusta os equipamentos, os utensilios e as ferramentas para o mecanizado, interpretando os requisitos do proceso que se vaia realizar	SI
RA5 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para os previr	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as actividades relacionadas co proceso de traballo que se vaia desenvolver
CA2.2 Clasifícanse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso
CA2.3 Relacionáronse os tipos de materiais con parámetros de velocidade, avance e tipo de ferramenta
CA2.4 Realizáronse operacións de montaxe e desmontaxe asociadas a cambios de ferramenta e formato
CA2.5 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, dos utensilios e das ferramentas
CA2.6 Ordenouse o posto de traballo evitando accidentes propios da profesión
CA5.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se empreguen e dos equipamentos e das máquinas que se manexen
CA5.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso de mecanizado ou soldadura
CA5.3 Aplicáronse as normas de seguridade persoal e ambiental no desenvolvemento de cada proceso
CA5.4 Empregáronse con corrección os equipamentos de protección individual nas actividades de cada proceso
CA5.5 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde e limpeza

4.1.e) Contidos

Contidos
Identificación do proceso de traballo.
Clasificación de equipamentos, utensilios e ferramentas.
Materiais: produtos férreos, aceiros, aliaxes non férreas e plásticos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas e equipamentos para a seguridade activa.
Protección ambiental.

Contidos

Reciclaxe de produtos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Metroloxía e trazado	40

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara e axusta os equipamentos, os utensilios e as ferramentas para o mecanizado, interpretando os requisitos do proceso que se vaia realizar	NO
RA3 - Executa o mecanizado á man de pezas aplicando as técnicas necesarias, e describe o proceso	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as actividades relacionadas co proceso de traballo que se vaia desenvolver
CA2.2 Clasifícanse os equipamentos, os utensilios e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso
CA2.5 Levouse a cabo a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos, dos utensilios e das ferramentas
CA2.6 Ordenouse o posto de traballo evitando accidentes propios da profesión
CA3.1 Selecciónanse os equipamentos, as ferramentas e o material que se vaian utilizar, en relación coas características do traballo encargado

4.2.e) Contidos

Contidos
Metroloxía: concepto de apreciación e estimación; aparellos de medida directa (regra, metro, calibre pé de rei e micrómetros); análise e utilización dos aparellos de medida directa e por comparación. Clasificación de equipamentos, utensilios e ferramentas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Debuxo técnico	10

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta, cota e reproduce planos sinxelos de diferentes elementos e pezas, con interpretación das súas características, aplicando procesos normalizados	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase e comprendeese o plano sinxelo da peza ou do elemento que haxa que utilizar no proceso de mecanización
CA1.2 Realízase a reprodución do plano sobre papel e na superficie que se deba mecanizar
CA1.3 Identifícanse e clasifícanse os utensilios de debuxo e trazado en función do proceso que cumpra realizar
CA1.4 Organízanse as actividades conforme os medios e os materiais que cumpra utilizar, seguindo os procedementos establecidos
CA1.5 Seleccionáronse as ferramentas de medida clasificándoas de acordo co plano e coa superficie onde haxa que realizar o proceso
CA1.6 Realízanse as medidas coa precisión que o proceso exige e conforme os procedementos establecidos
CA1.7 Operouse de xeito ordenado, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados

4.3.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos da normalización e cotación.
Representación de pezas. Vistas normalizadas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Técnicas de mecanizado	70

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Executa o mecanizado á man de pezas aplicando as técnicas necesarias, e describe o proceso	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse os equipamentos, as ferramentas e o material que se vaian utilizar, en relación coas características do traballo encargado
CA3.2 Suxeitouse a peza de xeito adecuado no torno de banco
CA3.3 Realizouse o achandamento, o escuadro e o paralelismo das caras da peza, coa lima adecuada e seguindo os procedementos establecidos
CA3.4 Realizáronse con precisión as operacións de corte, identificando os seus parámetros e aplicando as técnicas e os procedementos establecidos
CA3.5 Realizáronse con destreza os procesos de tradeadura, seleccionando as ferramentas propias a cada material, e describíronse as características destas
CA3.6 Executouse con habilidade o procedemento de roscaxe á man, identificando o tipo de rosca e manexando as ferramentas precisas para roscar trades e espárragos
CA3.7 Realizáronse con precisión procesos de remachadura de diversos tipos, asegurando que a unión se efectúe segundo as especificacións técnicas e en condicións de calidade
CA3.8 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas e seguindo as ordes establecidas
CA3.9 Comprobouse a calidade do produto resultante e corrixióronse as anomalías detectadas

4.4.e) Contidos

Contidos
Selección do procedemento.
Orde no desenvolvemento dos procesos: limadura, serraxe, roscaxe, remachadura e tradeadura.
Comprobación e verificación do desenvolvemento do traballo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Soldadura de metais e plásticos	70

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza unións soldadas simples, seleccionando os equipamentos e aplicando as especificacións técnicas do proceso	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícase e organizouse o material e as súas propiedades
CA4.2 Clasifícanse os equipamentos e as ferramentas en función das características do material que cumpra soldar
CA4.3 Preparouse o material base adecuándoo á soldadura que se vaia realizar (mecanizado da superficie, preparación de bordos, etc.)
CA4.4 Limpáronse as superficies de unión e elimináronse os residuos existentes
CA4.5 Seleccionouse o material de achega e os desoxidantes en función do material que cumpra soldar
CA4.6 Conectáronse adecuadamente as fontes de alimentación, logo de seleccionar os parámetros de traballo, e identifícanse os elementos que as compoñen
CA4.7 Realizáronse as unións soldadas simples mediante soldadura eléctrica por arco voltaico, soldadura branda e soldadura de plásticos, sen defectos aparentes
CA4.8 Comprobouse se a soldadura realizada cumpre coas características prescritas e se ten un acabado correcto
CA4.9 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados

4.5.e) Contidos

Contidos
Equipamentos de soldadura: eléctrica por arco voltaico, soldadura branda e soldadura de plásticos.
Aplicación do proceso a diferentes casos con materiais de achega e desoxidantes.
Técnicas de soldadura.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O proceso de ensino-aprendizaxe prográmase baseándose na realización no taller das actividades que pretenden propiciar no alumnado o proceso de autoaprendizaxe das técnicas necesarias para o desenvolvemento da actividade profesional. Complementáanse estas actividades con explicacións e demostracións por parte do docente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O procedemento de avaliación deste módulo responde á modalidade de avaliación continua, toda vez que é imprescindible alcanzar os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica de forma acumulativa, no sentido en que as unidades didácticas posteriores precisan do dominio das anteriores.

A cualificación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en Resultados de Aprendizaxe, os Criterios de Avaliación do módulo e os obxectivos xerais do ciclo formativo, segundo o establecido no seu currículo correspondente. A cualificación será numérica, entre un e dez, sen decimais.

Dado que o módulo pertence ao 1º curso de FP Básica, faranse tres avaliacións ao longo do curso e para cada unha delas terase en conta o seguinte:

- Avaliación continua do traballo en taller que se ponderará un 70%.
- Realización dunha proba escrita que se ponderará un 30%.

Para superar cada avaliación deberase obter unha puntuación total, logo de aplicar as ponderacións e sumar os resultados de cada parte, igual ou superior a 5 puntos.

Para acadar a avaliación positiva da 1ª avaliación o alumnado terá que:

- Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
- Realizar a representación gráfica e acotación de pezas.
- Coñecer e usar as unidades de medida, útiles de medida e útiles de trazado.
- Coñecer e executar o mecanizado a man de pezas (serrado manual e limado).

Todos estos mínimos desenvólense nas UD1, UD2 e UD4.

Para acadar a avaliación positiva da 2ª avaliación o alumnado terá que:

- Identificar, coñecer e manexar as ferramentas e equipos utilizados no taller.
- Coñecer e executar o mecanizado a man de pezas (tradeado e roscado).

Todos estos mínimos desenvólense nas UD3 e UD4.

Para acadar a avaliación positiva da 3ª avaliación o alumnado terá que:

- Coñecer as técnicas de soldadura e os equipos e realizar unións soldadas simples de materiais metálicos e plásticos.

Todos estos mínimos desenvólense na UD5.

En aplicación do criterio de avaliación continua, a cualificación dunha avaliación inclúe as das anteriores e isto implica que para poder aprobar o módulo hai que ter aprobadas todas as avaliacións, e nese caso, a cualificación final do módulo será igual a cualificación obtida na derradeira

avaliación redondeada ao número enteiro máis próximo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Dado que o módulo pertence ao 1º curso de FP Básica, faranse:

- Tres avaliacións parciais.
- Unha avaliación final dos módulos, que se realizará coincidindo coa finalización das actividades lectivas.

Como os criterios de cualificación están baseados nunha avaliación continua, daranse por recuperados aqueles resultados de aprendizaxe que non sendo alcanzados inicialmente, estean integrados en actividades posteriores que precisen do dominio das anteriores. A pesar de todo, o alumnado que non alcance os resultados de aprendizaxe de cada unidade didáctica, poderá facelo mediante as seguintes actividades de recuperación:

- Repetición ou corrección das prácticas de taller que non superen a avaliación positiva que se ponderarán un 70%.
- Realización dunha proba escrita relacionada cos resultados non acadados que se ponderará un 30%.

Para superar as actividades de recuperación deberase obter unha puntuación total, logo de aplicar as ponderacións e sumar os resultados de cada parte, igual ou superior a 5 puntos.

O alumnado que non aprobe as avaliacións, polo método ordinario ou por medio das actividades de recuperación, terá que facer a avaliación final do módulo.

Na avaliación final, o alumnado que teña suspensa algunha avaliación poderá recuperalas facendo só a parte correspondente á mesma.

A proba da avaliación final do módulo será unha proba teórica e/ou práctica a desenrolar no taller, similar ás realizadas ao longo do curso.

O alumnado matriculado en 2º curso que teña o módulo pendente, deberá ser informado das actividades de aprendizaxe programadas para a súa recuperación, e do período para a súa realización. A avaliación positiva das mesmas, suporá ter aprobado o módulo. En caso contrario, indícaráselle a data en que será avaliado mediante a realización dunha proba teórica e/ou práctica antes da avaliación previa á FCT. Esta proba estará relacionada cos contidos mínimos esixibles.

Se non acadase un resultado positivo poderá recuperar os contidos pendentes na 3ª avaliación mediante a realización de actividades individualizadas segundo as súas carencias. Elaborarase un horario lectivo específico para a realización destas actividades, e antes da finalización do curso indícaráselle a data en que será avaliado mediante a realización dunha proba teórica e/ou práctica relacionada cos contidos mínimos esixibles.

O alumnado para poder facer a FCT terá que ter aprobado o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo Orde do 13 de xullo de 2015, a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo regulado no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria, pero si é de aplicación ao resto do alumnado.

O alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na dita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

A proba final extraordinaria estará inspirada nos resultados de aprendizaxe, criterios de avaliación e contidos mínimos expresados nesta programación. Será unha proba teórica e/ou práctica a desenvolver no taller e/ou aula, similar ás realizadas ao longo do curso.

Para superar a proba extraordinaria deberase obter unha puntuación total, igual ou superior a 5 puntos.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación da propia programación implica por parte do docente un proceso de reflexión para valorar en función dos logros alcanzados, a idoneidade da súa programación e do seu sistema de ensinanza, co fin de introducir melloras no proceso.

Ao remate de cada unidade didáctica realizarase o seguimento da programación para reflectir o seu grao de cumprimento e a xustificación razoada no caso de haber desviacións. De habelas, tomaranse as medidas necesarias para que se proceda á súa corrección.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

No caso de atopar alumnado con Necesidades Educativas Específicas, solicitarase información achega do mesmo/a no Departamento de Orientación e coa colaboración do mesmo, faráselle unha Adaptación Curricular que lle permita alcanzar os obxectivos marcados na devandita Adaptación Curricular e que estean dacordo cos obxectivos do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo estará dirixido a aquel alumnado que non pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

Tamén se aplicarán medidas de reforzo ao alumnado repetidor que teña necesidades educativas especiais.

Solicitarase apoio técnico o departamento de orientación do instituto. No caso do alumnado repetidor, poderemos informarnos do seu historial académico e falar, na medida do posible, co titor/a ou profesorado, que lle impartiu docencia no curso anterior.

Cando o progreso dun/ha alumno/a non responda globalmente aos obxectivos programados, e previamente valorado polo departamento de orientación do centro, o equipo docente adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo ou Adaptación Curricular. As medidas de reforzo educativo serán elaboradas polo/a profesor/a que imparte o módulo, co coñecemento do titor/a, e éste comunicarllo ao equipo directivo e á familia do/a alumno/a.

En ningún caso a Adaptación Curricular poderá afectar a desaparición de obxectivos relacionados con competencias profesionais básicas para o logro da competencia xeral característica do título.

O profesor de dito módulo, de forma xeral, aplicará ao alumnado que lle sexa necesario, as seguintes medidas de reforzo que serán de aplicación en pequeno grupo ou individual preferentemente:

1- Realización de actividades alternativas diferentes as do resto do grupo e de menor complexidade para acadar os obxectivos claves do tema en cuestión.

2- Repetición das prácticas máis importantes ou outras similares para acadar as capacidades pretendidas.

- 3- Exercicios, cuestións, traballos de investigación ou problemas de reforzo.
- 4- Realización de actividades que en todo caso terán unha finalidade de reforzar o aprendizaxe e autonomía do/a alumno/a.

Por outra banda, e de forma concreta para este tipo de alumnado, se despois de aplicar as medidas de reforzo antes mencionadas, aínda non se evidencia a competencia perseguida, o profesor fará unha exame teórico e/ou práctico de recuperación de cada avaliación suspensa. Dita proba farase antes da seguinte avaliación, e se é avaliada positivamente o alumno/a recupera a avaliación en cuestión.

Segundo se informou na "Xunta de Avaliación Inicial", no presente módulo para o curso 2021-2022 non hai alumnado con NEE, tal e como se reflicte no documento "Avaliación Inicial" feito na "Xunta de Avaliación Inicial", e tendo en conta ademais, as valoracións feitas polo titor e resto do equipo docente, pero de habelo, será obxecto de especial seguimento por parte do docente, aplicándolle, se fose necesario, as mencionadas actividades de reforzo. Hai un alumno repetidor que tal e como se comentou na "Xunta de Avaliación inicial", non presentan carencias que lle impidan seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe,

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Na programación está implícita a educación en valores que toda persoa, sexa ou non alumno ou alumna, debe respectar: igualdade entre os sexos, coidado do medio ambiente, así como primar o esforzo persoal e fomentar o crecemento na madurez persoal dos alumnos.

As Ciencias Aplicadas, dado o seu carácter polivalente, ten unha estreita relación cos seguintes temas transversais:

- Educación para a saúde e calidade de vida. Hai unha unidade didáctica dedicada á saúde e enfermidade, na que se axuda a xerar comportamentos e actitudes moi positivas para a saúde.
- Educación ambiental. Fomentar a procura de solucións que eviten ou minimicen o impacto ambiental; valorar o posible esgotamento de recursos e analizar os inconvenientes que se deriven do uso de cada un dos materiais, e a repercusión que poida ter nas persoas, animais e plantas, así como na vida en sociedade.
- Educación para o consumidor. Analizar distintos problemas nos que se expoñen compras reais axudará a desenvolver no alumnado actitudes de consumidor responsable.
- Educación para a paz. Fomentar o traballo cooperativo; incidir no respecto ás ideas doutros/as; desenvolver unha actitude aberta e flexible ante as ideas e os traballos dos demais axudan a adquirir valores e actitudes que incidan directamente neste tema transversal.
- Educación para o lecer. O gusto pola realización de actividades de lecer e afeccións relacionadas coas ciencias aplicadas apoianse con este módulo.
- Educación para a igualdade entre os sexos. Fomentar a repartición de tarefas nun plano absoluto de igualdade en función das capacidades, sen distinción de sexo; valorar o esforzo, as ideas e o traballo dos demais desde unha perspectiva de igualdade son contidos plenamente enmarcados na área das ciencias que inciden no desenvolvemento dunha educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos.
- Educación moral e cívica. Analizar e valorar as implicacións que supón o desenvolvemento de determinados aspectos científicos e técnicos desde unha perspectiva moral e ética; valorar e analizar desde a perspectiva ética e moral as consecuencias derivadas polo desenvolvemento tecnolóxico en dimensión social e persoal de cada un.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Só se realizarán aquelas actividades, xornadas, etc., que permita a situación sanitaria na que nos atopamos por mor da pandemia, e que previamente sexan aprobadas polo Departamento e Consello Escolar.

10. Outros apartados

10.1) Ensino semipresencial e Ensino non presencial

ENSINO SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL

Dada a situación peculiar e complexa que implica a COVID-19, se no desenvolvemento do presente curso non fose posible o ensino presencial, o departamento de electromecánica de vehículos no módulo de Mecanizado e Soldadura do primeiro curso do FP básica, contempla dous escenarios alternativos ao ensino presencial: ensino semipresencial e ensino non presencial.

A.- ENSINO SEMIPRESENCIAL

1.- METODOLOXÍA

A proposta metodolóxica no caso da formación semipresencial é a seguinte:

As quendas serán semanais e o alumnado do curso dividirase en dous grupos.

O espazo principal de traballo será a aula virtual do IES de Fene. O alumnado estará matriculado en dita aula virtual.

A maiores, para a impartición das clases virtuais empregarase calquera das plataformas de videoconferencias recomendadas pola Consellería de Educación. Os alumnos estarán obrigados a conectarse as vídeo clases para a explicación de contidos e resolución de dúbidas

As tarefas, actividades, cuestionarios, etc. para o alumnado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

Na aula virtual, habilitase un espazo (tema 1, tema 2 e sucesivos) das diferentes unidades didácticas das que consta o módulo, onde se irán colocando as actividades ou tarefas que o alumnado deberá realizar segundo os tempos marcados polo docente. Os prazos de entrega das tarefas serán que cumprirse escrupulosamente.

As actividades ou tarefas consistirán en exercicios de repaso, test, visualización de vídeos técnicos, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo docente. A cada tarefa poderáselle asociar posibles materiais ou recursos de consulta que terán a súa disposición (libros de texto, información técnica, visualización de vídeos e explicacións de supostos prácticos e consulta de aspectos teóricos, así como tamén as derivadas das clases virtuais entre outros).

As tarefas organízanse por semanas na aula virtual e sempre disporán dun prazo de tempo para a súa realización suficiente. Fixarase o tempo que teñen para devolver a/as tarefa/as feitas, que se realizarán a bolígrafo, escaneada, fotografiada etc. Unha vez rematado o tempo para realización das tarefas, deberán envialas ao docente para a súa avaliación, mediante a aula virtual ou por e-mail ao seu correo corporativo (edu.xunta.es)

As tarefas poden ser de tres tipos:

- Tarefas de estudo, nas que o alumnado terá que realizar, estudar, visualizar ou analizar as tarefas propostas na aula virtual e que poden ser explicadas ou aclaradas nas sesións de titoría e nas clases virtuais.
- Tarefas de realización, nas que o alumnado terá que elaborar documentos dispostos na aula virtual. Estes documentos remitiranse, unha vez feitas, ao correo corporativo do docente respectivo para a súa corrección.
- Tarefas de control, nas que o alumnado terá que realizar probas de control, test, etc., para verificar o seu progreso no estudo da materia.

O alumnado tamén poderá poñerse en contacto co docente mediante o correo corporativo do docente e a vídeo conferencia para dúbidas ou aclaracións referentes as tarefas.

O alumnado terá que participar dun xeito activo e se o docente o solicita, entregarán en tempo e forma as tarefas, exercicios de repaso, ou calquera outro tipo de traballo. A non entrega no tempo establecido implica o rexeitamento (non apto) de dito traballo por parte do docente, salvo causa debidamente xustificada.

Todas estas tarefas e traballos en xeral que o alumnado fará desde a casa serán valoradas polo docente, pero non o eximirá do/s exame/s ou probas de avaliación presenciais do módulo, se a consellería de educación ou a de sanidade autorizasen a realización de probas presenciais no Instituto. En caso de non poder facerse de xeito presencial, faranse de xeito telemático.

O alumnado que teña notificada a perda de dereito a avaliación continua só poderá asistir ás clases prácticas cando demostre o coñecemento dos riscos inherentes dos equipamentos e maquinaria propias do módulo, debido o risco de accidente que supón o seu manexo.

2.- CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación terá en conta as tarefas propostas polo docente que fosen realizadas polo alumnado na súa casa, ademais das feitas no Instituto.

Para as tarefas feitas na casa, como instrumentos de avaliación empregárase, segundo corresponda, a listas de cotexo, proba escrita ou táboas de observación para cada tarefa e así, determinar se a tarefa é apto ou non apto.

Valoráranse cada unha das tarefas entre 0 e 4 se a tarefa é non apto, e entre 5 e 10 puntos se é apta en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoráranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede). Estas tarefas terán un 15 % do valor da cualificación da nota final.

Cando o docente considere oportuna a comprobación da autoría das tarefas entregadas polo alumnado, recorrerá mediante as ferramentas dixitais dispoñibles para solicitar o alumnado explicacións ou aclaración de forma oral.

As tarefas non entregadas, ou entregada fóra de prazo (salvo causa debidamente xustificada), constarán como non apto.

No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exigibles o alumnado non superará o módulo.

Para as tarefas ou prácticas feitas no Instituto, como instrumentos de avaliación empregárase, segundo corresponda, a listas de cotexo, proba escrita ou táboas de observación para cada tarefa ou práctica, segundo se establece na programación ordinaria que regula as tarefas e as prácticas, tal como se viña facendo antes da situación COVID-19.

O alumnado tamén realizará dun xeito presencial (se as circunstancias sanitarias o permiten, ou telemática, se a situación sanitaria impide que sexa presencial), unha proba de avaliación escrita e prácticas de taller referentes ás unidades didácticas. Esta proba presencial, se fose necesario, podería facerse de forma individual e oral.

O peso específico da proba de avaliación escrita presencial será dun 35 % do valor da cualificación da nota final e a das prácticas de taller dun 50% do valor da cualificación da nota final.

A cualificación final será o resultado da suma de tódalas notas, unha vez feitas as porcentaxes correspondentes. Para superar cada avaliación deberase obter unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

3.- ALUMNADO CON TRIMESTRES SUSPENSOS

O alumnado que non acade unha cualificación de 5 puntos nalgún trimestre terá que facer as tarefas de recuperación correspondentes a cada trimestre se quere ter a posibilidade de recuperación do módulo.

Ademais de entregar en tempo e forma as tarefas de recuperación propostas (exercicios de repaso, test, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo docente), deberá amosar interese e participar dun xeito activo conectándose ás clases virtuais.

Valoráranse cada unha das tarefas de recuperación entre 0 e 4 puntos se a tarefa é non apto, e entre 5 e 10 puntos se é apto, en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoráranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede). Estas tarefas terán un 50 % do valor da cualificación da nota final.

Cando o docente considere oportuna a comprobación da autoría das tarefas entregadas polo alumnado, recorrerá mediante as ferramentas dixitais dispoñibles para solicitar o alumnado explicacións ou aclaracións de forma oral.

As tarefas non entregadas, ou entregada fóra de prazo (salvo causa debidamente xustificada), constarán como non apto.

No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exigibles o alumno/a non superará o módulo.

O alumnado que ten pendente algún trimestre para recuperalo, a maiores de cumprir os criterios referenciados a realización das tarefas antes mencionados, fará de xeito presencial (se a situación sanitaria o permite), unha proba de avaliación escrita e/ou práctica de taller referentes aos temas ou materias pendentes de recuperación.

O peso específico desta proba de avaliación será dun 50 % do valor da cualificación da nota final.

A cualificación final será o resultado da suma das dúas notas (tarefas e proba de avaliación), unha vez feitas as porcentaxes correspondentes.

Para considerar recuperado un trimestre, deberase obter unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

4.- CUALIFICACIÓN FINAL

Para outorgar unha cualificación final ao módulo teranse en conta os seguintes criterios:

- Se ten aprobado (máis de 5 puntos) o terceiro trimestre e supera o módulo en xuño, a cualificación final será a mesma que a do terceiro trimestre.
- O alumnado con trimestre/es cualificados por debaixo de 5 puntos fará as tarefas de recuperación deseñadas para tal fin, segundo os criterios do punto anterior (alumnado con trimestres suspensos).
- No caso de cualificar finalmente por debaixo de 5 puntos farase un informe individualizado do alumno/a ao final do curso, onde se especificará a parte da materia non superada.

5.- MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA

Para acadar a avaliación positiva da 1ª avaliación o alumnado terá que:

- Cumprir as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
- Realizar a representación gráfica e acotación de pezas.
- Coñecer e usar as unidades de medida, útiles de medida e útiles de trazado.
- Coñecer e executar o mecanizado a man de pezas (serrado manual e limado).

Todos estes mínimos desenvólense nas UD1, UD2 e UD4.

Para acadar a avaliación positiva da 2ª avaliación o alumnado terá que:

- Identificar, coñecer e manexar as ferramentas e equipos utilizados no taller.
- Coñecer e executar o mecanizado a man de pezas (tradeado e roscado).

Todos estes mínimos desenvólense nas UD3 e UD4.

Para acadar a avaliación positiva da 3ª avaliación o alumnado terá que:

- Coñecer as técnicas de soldadura e os equipos e realizar unións soldadas simples de materiais metálicos e plásticos.

Todos estes mínimos desenvólense na UD5.

6.- PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua será avisado, por escrito, nos prazos que marca a normativa, polo docente do módulo en cuestión.

No mes de xuño será informado das características da proba de avaliación á que ten dereito, das datas e do lugar de celebración. Tamén se fará pública a convocatoria na páxina Web do IES de Fene e no taboleiro de anuncios principal do instituto.

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua terá que realizar o plan de recuperación seguinte:

a) Alumnado conectado:

- Realización e entrega das tarefas propostas ao grupo de referencia na aula virtual. Aplicaranse as mesmas regras referentes aos prazos e á calidade das tarefas anteriormente mencionadas.
- Realización dunha proba (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou na aula virtual, se a situación sanitaria impide que sexa presencial) sobre os contidos mínimos exixibles. Esta proba poderá ser anulada a criterio do docente se o alumnado realizou todas as tarefas propostas na aula virtual e estas teñen a calidade suficiente.

b) Alumnado con perda do dereito de avaliación desconectado:

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua e que se atope desconectado do centro (e polo tanto non realizou as tarefas de recuperación) terá que realizar unha proba (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou unha proba telemática, se a situación sanitaria impide sexa presencial) sobre os contidos mínimos exixibles.

7.- ALUMNADO EN CUARENTENA

Se o alumnado debe permanecer en corentena contémpanse dúas posibilidades:

- Curto período de días en corentena: os docente indicará as tarefas da aula virtual que deben facer.
- Longo período de días en corentena: os docente indicará as tarefas da aula virtual que deben facer e a maiores establecerse un horario para

facer un seguimento virtual ou de vídeo-clases co alumno/a.

8.- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

No módulo de Mecanizado e Soldadura non consta alumnado coa materia pendente.

B.- ENSINO NON PRESENCIAL

1.- METODOLOXÍA

A proposta metodolóxica no caso da formación non presencial é a seguinte:

O espazo principal de traballo será a aula virtual do IES de Fene.

A maiores, para a impartición das clases virtuais empregárase calquera das plataformas de videoconferencias recomendadas pola Consellería de Educación.

O alumnado estará matriculado en dita aula virtual do IES e estarán obrigados a conectarse e realizar as tarefas que os docente lle indique. Do mesmo xeito, tamén están obrigados a conectarse ás vídeo-clases nos horarios do grupo para cada módulo.

Na aula virtual, habilitase un espazo (tema 1, tema 2 e sucesivos) das diferentes unidades didácticas das que consta o módulo, onde se irán colocando as actividades ou tarefas que o alumnado deberá realizar segundo os tempos marcados polo docente. Os prazos de entrega das tarefas terán que cumprirse escrupulosamente.

As tarefas ou actividades para o alumnado serán semellantes o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

As tarefas consistirán en exercicios de repaso, test, visualización de vídeos técnicos, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo docente. A cada tarefa poderáselle asociar posibles materiais ou recursos de consulta que terán a súa disposición (libros de texto, información técnica, visualización de vídeos e explicacións de supostos prácticos e consulta de aspectos teóricos, así como tamén as derivadas das clases virtuais entre outros).

As tarefas organízanse por semanas na aula virtual e sempre disporán dun prazo de tempo para a súa realización suficiente. Fixarase o tempo que teñen para devolver as tarefas feitas, que se realizarán a bolígrafo, escaneada, fotografada etc. Unha vez rematado o tempo para realización das tarefas, deberán enviálas ao docente mediante a aula virtual ou por e-mail ao seu correo corporativo (edu.xunta.es)

O alumnado tamén poderá poñerse en contacto co docente mediante dito correo corporativo para dúbidas ou aclaracións referentes ás tarefas.

As tarefas poden ser de tres tipos:

- Tarefas de estudo, nas que o alumnado terá que realizar, estudar, visualizar ou analizar as tarefas propostas na aula virtual e que poden ser explicadas ou aclaradas nas sesións de tutoría e nas clases virtuais.

- Tarefas de realización, nas que o alumnado terá que elaborar documentos dispostos na aula virtual. Estes documentos remitiranse, unha vez feitos, ao correo corporativo do docente para a súa corrección.

- Tarefas de control, nas que o alumnado terá que realizar probas de control, test etc., para verificar o seu progreso no estudo da materia.

Haberá comunicación constante co alumnado para a resolución de dúbidas ou para a ampliación de contidos, para esta comunicación empregárase o correo electrónico corporativo do docente e a vídeo conferencia.

No referente á carga lectiva para a docencia non presencial, no caso dun confinamento, cumprírase un horario de clases virtuais que será dun 60 % do horario do grupo antes do confinamento, que se establecerá no momento que se decreta dito confinamento. O resto do horario, 40 %, o alumnado dedicárase a realizar as tarefas dos diferentes módulos que figuran na aula virtual do IES. Inténtase con isto ter una rutina de ensino similar á que se pode ter no ensino presencial.

Por outra banda, respectaranse os tempos de descanso do alumnado.

A modalidade de ensino virtual garantirá tamén o control de asistencia do alumnado, a través da supervisión de asistencia por parte do docente polas canles habituais.

O alumnado terá que conectarse puntualmente ás clases virtuais. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

Os horarios que deberán incorporarse ao Plan de Continxencia e publicarse na páxina web do centro ou outro medio que garanta a súa difusión, serán comunicados ao docente e alumnado para o seu cumprimento e ás familias a través do titor do grupo.

O titor ou titora do grupo informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade, e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para o alumnado e outra para as familias.

2.- CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de avaliación terá en conta as tarefas propostas polo docente e realizadas polo alumnado na súa casa. Se fora o caso, tamén se terá en conta a avaliación realizada ata o momento do confinamento.

Como instrumentos de avaliación empregárase, segundo corresponda, as listas de cotexo, proba escrita ou táboas de observación para cada tarefa para determinar se a tarefa é apto ou non apto.

Valoraranse cada una das tarefas entre 0 e 4 puntos se a tarefa é non apto, e entre 5 e 10 puntos se é apto, en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoraranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede etc.) Estas tarefas terán un 50 % do valor da cualificación da nota final.

Cando o docente considere oportuna a comprobación da autoría das tarefas entregadas polo alumnado, recorrerá mediante as ferramentas dixitais dispoñibles para solicitar ao alumnado explicacións ou aclaración de forma oral.

As tarefas non entregadas, ou entregada fóra de prazo (salvo causa debidamente xustificada), constarán como non apto.

No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exixibles o alumnado non superará o módulo.

O alumnado a maiores de cumprir os criterios referenciados á realización das tarefas, antes mencionados, realizará dun xeito telemático unha proba de avaliación escrita referentes ás unidades didácticas. Esta proba, se fose necesario, poderá facerse de forma individual e oral. O peso específico desta proba de avaliación será dun 50% do valor da cualificación da nota final.

A cualificación final será o resultado da suma das dúas notas (tarefas e proba de avaliación), unha vez feitas as porcentaxes correspondentes. Para superar cada avaliación deberase obter unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

3.- ALUMNADO CON TRIMESTRES SUSPENSOS

O alumnado que non acade unha cualificación de 5 puntos nalgún trimestre terá que facer as tarefas de recuperación correspondentes a cada trimestre se quere ter a posibilidade de recuperación do módulo.

Ademais de entregar en tempo e forma as tarefas de recuperación propostas (exercicios de repaso, test, ou calquera outro tipo de traballo indicado polo docente), deberá amosar interese e participar dun xeito activo conectándose ás clases virtuais.

Valoraranse cada una das tarefas de recuperación entre 0 e 4 puntos se a tarefa é non apto, e entre 5 e 10 puntos se é apto, en función da calidade (axústanse ao solicitado, tratan todos os temas propostos, os resultados son correctos, valoraranse traballos orixinais e non traballos copiados da rede etc.). Estas tarefas terán un 50 % do valor da cualificación da nota final.

As tarefas non entregadas, ou entregada fóra de prazo (salvo causa debidamente xustificada), constarán como non apto.

No caso de non realizar correctamente as tarefas que se consideran mínimos exixibles o alumno/a non superará o módulo.

O alumnado que ten pendente algún trimestre, para recuperalo, a maiores de cumprir os criterios referenciados á realización das tarefas, antes mencionados, realizará unha proba de avaliación escrita de xeito telemático, referente aos contidos pendentes de recuperación. Esta proba, se fose necesario, poderá facerse de forma individual e oral. O peso específico desta proba de avaliación será dun 50 % do valor da cualificación da nota final.

A cualificación final será o resultado da suma das dúas notas (tarefas e proba de avaliación), unha vez feitas as porcentaxes correspondentes. Para considerar recuperado un trimestre, deberase obter unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

4.- CUALIFICACIÓN FINAL

Para outorgar unha cualificación final ao módulo teranse en conta os seguintes criterios:

- Se ten aprobado (máis de 5 puntos) o terceiro trimestre e supera o módulo en xuño, a cualificación final será a mesma que a do terceiro trimestre.
- O alumnado con trimestre/es cualificados por debaixo de 5 puntos farán as tarefas de recuperación deseñadas para tal fin, segundo os criterios do punto anterior (alumnado con trimestres suspensos).

No caso de cualificar finalmente por debaixo de 5 puntos farase un informe individualizado do alumno/a ao final do curso, onde se especificará a parte da materia non superada.

5.- MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA

Para acadar a avaliación positiva da 1ª avaliación o alumnado terá que:

- Coñecer as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
- Realizar a representación gráfica e acotación de pezas.
- Coñecer e usar as unidades de medida, útiles de medida e útiles de trazado.
- Coñecer as técnicas do mecanizado a man de pezas (serrado manual e limado).

Todos estes mínimos desenvólense nas UD1, UD2 e UD4.

Para acadar a avaliación positiva da 2ª avaliación o alumnado terá que:

- Identificar e coñecer as ferramentas e equipos utilizados no taller.
- Coñecer as técnicas do mecanizado a man de pezas (tradeado e roscado).

Todos estes mínimos desenvólense nas UD3 e UD4.

Para acadar a avaliación positiva da 3ª avaliación o alumnado terá que:

- Coñecer as técnicas de soldadura e os equipos para as unións soldadas simples de materiais metálicos e plásticos.

Todos estes mínimos desenvólense na UD5.

6.- PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua será avisado, por escrito, nos prazos que marca a normativa, polo docente do módulo.

No mes de xuño será informado das características da proba de avaliación á que ten dereito, das datas e do lugar de celebración. Tamén se fará pública a convocatoria na páxina Web do IES de Fene e no taboleiro de anuncios principal do instituto.

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua terá que realizar o plan de recuperación seguinte:

a) Alumnado conectado:

- Realización e entrega das tarefas propostas ao grupo de referencia na aula virtual. Aplicaranse as mesmas regras referentes aos prazos e á calidade das tarefas anteriormente mencionadas.
- Realización dunha/as proba/as (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou na aula virtual, se a situación sanitaria impide que sexa presencial) sobre os contidos mínimos esixibles. Esta proba/as poderá ser anulada a criterio do docente se o alumnado realizou todas as tarefas propostas na aula virtual e estas teñen a calidade suficiente. Estas probas telemáticas, se fose necesario, poderán facerse de forma oral.

b) Alumnado con perda do dereito de avaliación desconectado:

O alumnado con perda do dereito de avaliación continua e que se atope desconectado do centro (e polo tanto non realizou as tarefas de recuperación) terá que realizar unha proba (presencial preferiblemente, se as circunstancias sanitarias o permiten, ou unha proba telemática, se a situación sanitaria impide que sexa presencial) sobre os contidos mínimos esixibles. Esta proba telemática, se fose necesario, poderá facerse de forma oral.

7.- ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES

No módulo de Mecanizado e Soldadura non consta alumnado coa materia pendente.